

SoildiverAgro project

Adopción de novas técnicas de xestión para aumentar a produción e a calidade dos cultivos



O QUE E O PORQUÉ

Avaliación económica da redución de fertilizantes fosfatados e uso de micorrizas no cultivo da pataca en Galicia


Avaliar o impacto económico de prácticas agrícolas sostibles é clave para determinar a súa viabilidade e rendibilidade, xa que a súa adopción dependerá da capacidade para manter ou mellorar a rendibilidade fronte aos métodos convencionais. Este estudo analiza o efecto da redución ou eliminación de fertilizantes fosfatados, xunto co uso de inoculantes micorrícicos, na produción de pataca en Galicia durante unha rotación trianual de pataca-cebada-pataca.

Compáranse 5 estratexias: (T1) convencional, (T2) redución de fertilizantes ao 50%; (T3) redución ao 50% + micorrizas; (T4) sen fertilizantes; e (T5) sen fertilizantes + micorrizas. Os tratamentos sen fertilizantes fosfatados (con e sen micorrizas) acadaron as maiores rendibilidades (23.146 €/ha e 22.777 €/ha, respectivamente), superando ao manexo convencional (21.894 €/ha). Pola contra, a redución de fertilizantes ao 50% resultou nunha diminución notable da rendibilidade dos

cultivos, indicando que esta estratexia non é economicamente vantaxosa.

A pesar da alta variabilidade dos datos, compróbase que a eliminación de fertilizantes fosfatados, especialmente en combinación con micorrizas, é unha estratexia economicamente rendible, reducindo os custos de produción sen comprometer a produción de pataca.

Esta información ofrece aos agricultores unha base sólida para adoptar estas prácticas que, ademais de rendibles, diminúen a dependencia de insumos químicos custosos, protexen os resultados económicos ante fluctuacións nos prezos dos fertilizantes e, a longo prazo, melloran a sostibilidade dos seus cultivos. Tamén contribúe ao deseño de políticas baseadas en información científica.



1. Gráfico que amosa como varían as marxes brutas do cultivo segundo as distintas prácticas agrícolas aplicadas. Permite ver a distribución xeral dos datos obtidos, incluíndo os valores máis comúns (caixa sombreada), o valor medio (liña negra), e os valores extremos (máis altos e máis baixos).

	Custos (€/ha)	Ingresos (€/ha)	Marxe bruta (€/ha)
T1: Convencional	13.497	31.599	21.894
T2: 50%	12.931	26.662	16.923
T3: 0%	12.371	31.382	22.777
T4: 50%+Ms	13.338	29.039	19.186
T5: 0%+Ms	12.778	32.075	23.146

2. Valor medio dos custos de produción, ingresos pola venda, e marxes brutas, calculados para cada práctica analizada nunha rotación de 3 anos (pataca-cebada-pataca).

PALABRAS CHAVE

Rendibilidade económica, marxe bruta, leguminosas, diversificación de cultivos, cultivo trampa

AUTORES

Miguel Rodríguez Méndez, Grupo GEN, ECOBAS, Universidade de Vigo

Marina Gómez Rodríguez, Grupo GEN, ECOBAS, Universidade de Vigo



This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement No 817819

This factsheet is produced as part of the SoildiverAgro project. Although the author has worked on the best information available, neither the author nor the EU shall in any event be liable for any loss, damage or injury incurred directly or indirectly in relation to the project.